

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **30 de outubro de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

6.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS”. EXPTE. 3175/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.10.15, dáse conta do informe-proposta do 19.10.15, asinado pola secretaría da da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 14 de outubro de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Proposta de Adxudicación.

a) *Procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de “ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS” (expediente 3175-440)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCS).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de “ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS” (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 25 de setembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Excluir a COPCISA, S.A., do procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de “ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS” (expediente 3175-440) por ter en vía executiva na data de finalización do prazo de presentación de ofertas no mesmo, unha débeda relativa a unha liquidación de licencia de actividade.

2º.- Propoñer á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

1. Darse por enterada da exclusión de COPCISA, S.A., do procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (expediente 3175-440) por ter en vía executiva na data de finalización do prazo de presentación de ofertas no mesmo, unha débeda relativa a unha liquidación de licencia de actividade, acordada na sesión da Mesa de Contratación do Concello de Vigo de data 15 de setembro de 2015.
2. Proceder, consonte ó previsto no artigo 151 do TRLCSP, a requirir ó licitador clasificado en segundo lugar neste procedemento, na Resolución da XGL de data 31 de xullo, ACEVI, S.L., a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en segundo lugar, Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI, S.L.), o día 28 de setembro de 2015, que presenta a documentación requirida en data 30 de setembro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 7 de outubro de 2015, apreciase que os certificados de non existencia de débedas coas facendas estatal e autonómica presentados están caducados, e acordase solicitarlle uns vixentes.

Cuarto.- Aportados uns novos certificados polo licitador, a Mesa de contratación na sesión de data 14 de outubro de 2015, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A segunda oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI, S.L.), tal e como se pode apreciar no informe do xefe de área de Servizos Xerais de data 22 de xullo de 2015, que pode consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI, S.L.), o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de “ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS”, por un prezo de 81.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.057,85 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta de outubro do ano dous mil quince.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.